

XUNTA
DE GALICIA Saída 1154315 / RX 1298558
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 11/06/2026 13:36:57



Colexio Oficial Veterinario de Lugo

Rúa Ramón y Cajal, 2, 27001, Lugo

Asunto: DESENVOLVEMENTO DO REAL DECRETO 346/2025 (VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN E VISITAS ZOOSANITARIAS)

No mes de xaneiro de 2024 a Subdirección Xeral de Gandería remitiulles unha carta na que se lles informaba acerca do *Real Decreto 364/2023, polo que se establecen as bases de desenvolvemento da normativa da Unión Europea de sanidade animal, no relativo ás obrigacións de vixilancia do titular da explotación e ao plan sanitario integral das explotacións gandeiras, e polo que se modifican varias normas de ordenación gandeiras*, que introducía a figura do veterinario de explotación, establecendo a súa obrigatoriedade para unha gran parte das explotacións gandeiras en España.

Este real decreto foi derogado polo *Real Decreto 346/2025, do 22 de abril, polo que se establecen as bases de desenvolvemento da normativa da Unión Europea de sanidade animal, no relativo ás obrigacións de vixilancia do titular da explotación e que establece a **voluntariedade da existencia da figura do veterinario de explotación** para determinadas explotacións gandeiras.*

O citado real decreto establece as obrigacións de vixilancia da persoa titular da explotación e o réxime de visitas zoosanitarias que, cunha frecuencia determinada, un profesional veterinario debe realizar na súa explotación, de conformidade co establecido no artigo 25 do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento e do Consello ("Regulamento sobre sanidade animal").

Estas visitas zoosanitarias poden ser realizadas por un profesional veterinario á elección da persoa titular da explotación ou ben ser realizadas pola "*figura voluntaria do profesional veterinario de explotación*", desenvolvida no capítulo IV do citado Real decreto 346/2025, naquelas explotacións nas que as súas persoas titulares decidiran dispoñer voluntariamente desta figura.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Subdirección Xeral de Gandaría
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 544 788
mediorural.sxganderia@xunta.gal





No caso de que as persoas titulares das explotacións decidan dispoñer voluntariamente do profesional veterinario de explotación, deberán comunicalo á autoridade competente en materia de sanidade animal

Independentemente de que ambas partes podan relacionarse coa administración electronicamente a través do formulario común de comunicación coa administración (modelo PR004A) da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, desde a Consellería do Medio Rural entendemos **máis fácil e práctico para ambas partes** que o citado trámite de comunicación poda ser realizado a través da funcionalidade habilitada para tal fin na Oficina Virtual de Gandaría (OVGAN, <https://ovgan.xunta.gal/ovgan/>), de xeito que cada persoa gandeira poida comunicar a través desta aplicación a persoa veterinaria de explotación da súa elección. Igualmente nesta funcionalidade, tanto a instancia da persoa titular de explotación como a instancia da persoa veterinaria de explotación, ambos poderán comunicar o cese como veterinario de explotación dunha explotación concreta.

A continuación infórmase dos pasos a seguir para realizar o proceso de comunicación dun/dunha veterinario/a de explotación na OVGAN:

- 1.- Rexistro do profesional veterinario interesado no Rexistro de terceiras persoas relacionadas coa Consellería do Medio Rural-REXTER (antigo REAGA). De acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao tratarse de persoas físicas colexiadas, deberán solicitar este rexistro cubrindo un formulario modelo PR004A na Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), e dirixido ao Servizo de Gandaría Provincial onde vaian realizar principalmente a súa actividade profesional.
- 2.- O Servizo Veterinario Oficial da Consellería do Medio Rural, realizará o citado rexistro en REXTER asignando ao profesional veterinario solicitante o rol de "veterinario/a de explotación".
- 3.- A persoa gandeira realizará o trámite de "Comunicación de veterinario/a de explotación" na OVGAN.
- 4.- O/A veterinario/a recibirá automaticamente un correo electrónico informativo sobre a súa comunicación como veterinario/a de explotación pola persoa titular da explotación gandeira de que se trate.





5.- O/A veterinario/a deberá acceder á OVGAN con calquera sistema de acceso acreditado de identidade persoal (Certificado Dixital, DNI electrónico ou Chave/Clave 365) e realizará o trámite de aceptación ou non aceptación da súa comunicación como veterinario/a da explotación indicada.

De igual xeito, a través do trámite correspondente de "Cese do/a veterinario/a de explotación" habilitado na OVGAN, a persoa gandeira ou o profesional veterinario de explotación poderán comunicar á Consellería do Medio Rural o cese desta figura na explotación indicada.

Na aplicación OVGAN quedarán rexistrados todos os trámites realizados, podendo descargar ambas partes, titular da explotación e veterinario de explotación comunicado, os respectivos resgardos acreditativos do trámite realizado.

Na funcionalidade OVGAN de trámites en relación coa figura do veterinario de explotación, figuran claramente especificados os aspectos que se describen no Real Decreto 346/2025 en canto a obrigas, dereitos e responsabilidades tanto da persoa titular da explotación como do profesional veterinario de explotación, así como, no seu caso, os consentimentos por parte das persoas gandeiras ás persoas veterinarias de explotación, ao acceso ou facilitación á información de carácter epidemiolóxico, de prescrición veterinaria de antibióticos (PRESVET) ou doutra información de interese para o adecuado desenvolvemento das actuacións establecidas para estes profesionais veterinarios no citado real decreto.

A raíz da comunicación da Consellería do Medio Rural en xaneiro de 2024 que se cita ao inicio deste escrito, os catro colexios oficiais veterinarios provinciais remitiron á consellería unhas listaxes coas persoas veterinarias interesadas na figura do veterinario/a de explotación. Estes profesionais veterinarios xa constan correctamente rexistrados en REXTER e no resto das aplicacións da consellería e a disposición das persoas titulares de explotación para realizar a comunicación da persoa veterinaria de explotación a través da OVGAN se así o desexan.

Aquelas persoas veterinarias que non figuran nas listaxes referidas e estean interesados en exercer a figura do veterinario de explotación nos termos establecidos no Real decreto 346/2025, deben solicitar o seu rexistro en REXTER como se indica no punto 1 da páxina anterior a través dun formulario PR004A.

Con este fin, os datos que deben figurar no citado formulario serán:

- **Nome**
- **Apelidos**
- **NIF/NIE**
- **Enderezo completo a efectos de notificacións**





- **Teléfono móbil**
- **Correo electrónico**
- **Número de colexiado** (que inclúe o código provincial do Colexio Oficial Veterinario)
- No caso de prestar servizos veterinarios nunha entidade (Agrupación Sanitaria Gandeira, Integradora, Empresa, Cooperativa...) indicar **o nome e NIF da mesma**.
- Entendemos tamén importante especificar, no seu caso, as **especies de interese de actuación** como veterinario/a de explotación: bovino, ovino-cabrún, porcino, equino, avícola, cunícola, apícola, especies peleteiras, outras especies.

A Consellería do Medio Rural infórmalles que **a partir das 8:00 horas do día 11 de xuño de 2026** xa estarán dispoñible na OVGAN, para as persoas titulares de explotación e ás persoas veterinarias, a realización dos trámites de comunicación e cese do veterinario de explotación que se describen nesta comunicación.

Solicitámoslles que trasladen esta información ás persoas veterinarias colexiadas nos seus respectivos Colexios Veterinarios Oficiais.

Calquera aclaración ou comentario, non dubiden en contactar con esta subdirección xeral.

Grazas pola súa colaboración

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
(documento asinado dixitalmente)

O subdirector xeral de Gandaría
Jorge Enrique Mourelo Estella

